



SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Acta de constitución do tribunal cualificador e valoración de méritos

Categoría: Peón de brigada

(Nº Postos de traballo que se convocan:3)

Nas instalacións do Auditorio do Centro de Día dos Gozos, na Derrasa – O Pereiro de Aguiar, sendo as 10:20 horas do día 8 de xullo de 2022, procédese á constitución do Tribunal que xulgará os exercicios das probas selectivas para a provisión **de tres (3) prazas de peón de brigada (persoal laboral temporal)**, ao abeiro das bases aprobadas na Xunta de Goberno Local de data 17 de xuño de 2022, e posteriormente publicadas, en extracto, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, no Taboleiro de anuncios e na Páxina Web deste Concello con data 23 de xuño de 2022.

A relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a sinalización do lugar e data para a constitución do Tribunal, realización das probas e valoración de méritos publicouse na páxina Web e Taboleiro de Anuncios do Concello en data 6 de xullo de 2022.

Estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

- Presidente: José Antonio Cerdeira Pérez, Secretario – Interventor do Concello do Pereiro de Aguiar.
- Secretaria: Yajaira Lage Blanco, auxiliar administrativo do Concello do Pereiro de Aguiar
- Vogais: José Antonio Rodríguez Barros, operario de servizos varios municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.
José Antonio González Gallego, encargado de obras e servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.
Marina Sara González Soto, asesora xurídica en asuntos de urbanismo e demais servizos municipais do Concello do Pereiro de Aguiar.

A continuación procedese á valoración dos méritos que se detallan nas bases, a saber:

Méritos Profesionais.- Máximo 8 puntos.

- A) EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 5 puntos.
 1. Por servizos prestados en concellos na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,20 por cada mes completo ou fracción.
 2. Por servizos prestados noutras AAPP na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.
 3. Por servizos prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar á do posto ó que se opta.....0,10 por cada mes completo ou fracción.

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación de certificado de **vida**

Concello do Pereiro de Aguiar

Plza. do Concello, 1, O Pereiro de Aguiar. 32710 (Ourense). Tfno. 988 259 385. Fax: 988 259395

JOSÉ ANTONIO CERDEIRA PÉREZ (1 para 6)
SECRETARIO - INTERVENTOR
DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR
11/07/2022
HASH: 9665a207fed66661cc68aee4c21651e168



YAJAIRA LAGE BLANCO (2 para 6)
SECRETARIA ADMINISTRATIVA
DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR
11/07/2022
HASH: aa4808b1138ba15c6666f7c8dfdc9e33d



JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ BARROS (3 para 6)
OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS
MUNICIPAIS DO CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR
11/07/2022
HASH: 1fe4eaf2b0b4169492a211e49f65f84



laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada), e **copia dos contratos de traballo** ou certificados das empresas. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

Non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Tampouco se terán en conta servizos prestados mediante a celebración de contratos administrativos de servizos.

B) **FORMACIÓN:** Valorarase a formación nas materias propias do posto: ata un máximo de 3 puntos.

1. Cursos de máis de 50 horas: 0,50 puntos/curso
2. Cursos de entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos/curso
3. Cursos de menos de 20 horas: 0,10 puntos/curso

A formación dos/as traballadores/as acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Neste apartado non se valorarán:

- ✓ Cursos de idiomas ou de informática.
- ✓ Cursos formativos promovidos por empresas privadas.
- ✓ A asistencia a Congresos, seminarios, simposios, xornadas e similares.

Os cursos deberán ser organizados, ben por unha administración pública, unha universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha administración pública.

Non serán tidos en conta os méritos que non estean acreditados documentalmente, conforme ao regulado nestas bases.

Unha vez realizada polo Tribunal a valoración de méritos resulta o seguinte:

	APELIDOS E NOME	DNI	EXEN TO GALE GO	EXPERIEN CIA PROFESIO NAL (máx. 5 puntos)	FORMA CIÓN (máx. 3 puntos)	TOTAL MÉRITOS
1	Bermúdez Cachaldora, Antonio Alejandro	9339	SI	1,60	0,00	1,60
2	De Juana De Frutos, Pablo	4430	SI	0,60	0,60	1,20
3	Dibuja Barroso, David	6062	SI	0,00	0,00	0,00
4	Gómez Martínez, Javier	6467	NON	1,80	0,00	1,80
5	González Morenza, Iago Manuel	4819	SI	0,00	0,00	0,00
6	Lombar Cabaleiro, Kevin	1377	SI	0,00	0,00	0,00
7	Nóvoa Díaz, Juan José	1110	NON	1,80	0,00	1,80
8	Ogando Bugallo, Diego	6364	NON	0,00	0,00	0,00
9	Pereira Iglesias, José Antonio	8370	SI	4,60	0,50	5,10
10	Ventosela Pombar, Jairo	9216	SI	0,00	0,50	0,50
11	Villar Prol, Diego	9001	SI	5,00	3,00	8,00



A Presidencia do Tribunal explica o proceso de concurso – oposición, que consistirá:

1. Na realización dunha proba de coñecementos (no día da data) consistente nun cuestionario tipo test de 16 preguntas, 3 de reserva, con 4 respostas alternativas, sobre as funcións propias do posto de traballo que figuran no Temario (Artigo 8 das bases), a realizar nun tempo máximo de 20 minutos
A valoración máxima por este exercicio será de 12 puntos, necesitando un mínimo de 6 para aprobar.
As respostas non contestadas non terán valoración.
As respostas erróneas non penalizan.
2. Na realización dunha proba de galego (no día da data), consistente na tradución directa dun texto elixido polo Tribunal do castelán ao galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 20 minutos.
Estarán exentos da realización da proba de galego os/as aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes.
Este exercicio cualificarase de apto/non apto e terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

Non se producen intervencións e por unanimidade o Tribunal acorda proceder do xeito que propuxo a Presidencia.

E para que así conste e produza os efectos legais oportunos, levántase Acta ás 10:25 horas, no lugar e data anteriormente expresados, unha vez firmada por tódolos membros do Tribunal Cualificador, de cuxo acto esta secretaria certifico.

O presidente,

A secretaria,

Os/as vogais,